



## SUBVENCIÓN PARA A CREACIÓN DE NOVOS PROXECTOS DE EQUIPAMENTOS TÉRMICOS DE BIOMASA.

*RESOLUCIÓN 23 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria anticipada de subvencións para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, para o ano 2016, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.*

[http://www.inega.es/sites/default/descargas/subvencions/SubvencionsPDF/AnuncioO3G1-231215-0003\\_gl.pdf](http://www.inega.es/sites/default/descargas/subvencions/SubvencionsPDF/AnuncioO3G1-231215-0003_gl.pdf)

**PRAZO PRESENTACION DE SOLICITUDES:** Dende o 15/01/2015 - ata o 15/02/2015.

### FORMA DE PRESENTACION DAS SOLICITUDES:

- Vía electrónica: a través do formulario electrónico normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es> desde a páxina web do Inega (<http://www.inega.es>)

### OBXETO DA SUBVENCIÓN:

O obxecto de estas bases é apoiar proxectos con fins de aforro enerxético e fomento do uso racional das enerxías renovables. Os proxectos limitaranse a instalacións de equipos térmicos que utilicen biomasa como combustible.

### BENEFICIARIOS:

- Poderán acceder á condición de beneficiarios das presentes subvencións:
  - As Entidades locais de Galicia e entidades dela dependentes.
  - A administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais dela dependentes.
  - As entidades sen ánimo de lucro.
  - Empresas legalmente constituídas e autónomas
- Non poderán ter a condición de beneficiarias as empresas dos sectores excluídos do ámbito de aplicación do Regulamento (UE) núm. 651/2014, do 17 de xuño de 2014, no seu artigo 1.2, entre as que figuran:
  - As empresas do sector da pesca e da acuicultura segundo se recolle no Regulamento (UE) núm. 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2013.
  - As empresas que operan na produción primaria de produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do tratado.
  - Aqueles que operan na transformación e comercialización dos produtos agrícolas:

Cando o importe da axuda se determine en función do prezo ou da cantidade de produtos deste tipo adquiridos a produtores primarios ou comercializados polas empresas interesadas.


Cando a axuda este supeditada a que unha parte ou a totalidade da mesma repercútese ós produtos primarios.

### SERÁN SUBVENCIONABLES:

- O custo do equipamento térmico e os accesorios principais do mesmo (sistema de regulación e control, sistemas de limpeza, depuración de fumes, extracción cinzas).
- Resto de accesorios da instalación para o correcto funcionamento de sistema.
- O custo do sistema de almacenamento do combustible.
- O custe do sistema de alimentación do combustible.
- O custe de montaxe e conexiónado.

### INTENSIDADE DE AXUDA:

A contía máxima de axuda será calculada en función da potencia instalada e do tipo de instalación, e terá as seguintes intensidades por beneficiario:



- Entidades locais: 75%
- Sector público autonómico: 75%
- Entidades Xurídicas sen ánimo de lucro(que no realicen actividade económica): 50%
- Empresas, as súas agrupacións e asociacións, así como entidades sen ánimo de lucro que realicen actividade económica. No caso de pequenas empresas a axuda incrementarase en 20 puntos porcentuais e no caso de medianas empresas en 10 puntos porcentuais: 45%

Tendo en conta que na presente convocatoria aplícase a sección 7 do capítulo III do Regulamento (UE) núm. 651/2014 como axudas ao investimento para a promoción da enerxía procedente de fontes renovables (artigo 41.b), que afecta, fundamentalmente, a empresas e algunhas institucións sen ánimo de lucro, para as tipoloxías B establececese como redución, pola inversión equivalente menos respectuosa co medio natural, un rateo de 70 €/KW, que minoraría os rateos da táboa de custes elixibles en función da potencia e da tipoloxía da instalación. Para as tipoloxías A, a redución será dun 20% sobre os rateos da táboa.

A contía máxima da axuda por proxecto será de 200.000 € e por solicitante de 1.000.000 €

**DATA LÍMITE DE XUSTIFICACIÓN:** 30 de Septiembre de 2016 (inclusive).

#### MAIS INFORMACIÓN:

- **Na páxina web do Inega** ([www.inega.es](http://www.inega.es)).
- **No teléfono** 981 54 15 00 (Inega).
- **Presencialmente**, no Inega (rúa Avelino Pousa Antelo, 5. San Lázaro. 15703 Santiago de Compostela), previa cita no teléfono 981 54 15 00.

